



## NOTA DE PRENSA

*A cadea logra en 2023 un récord histórico de adquisicións na rexión*

# **Lidl intensifica a súa aposta por Galicia e eleva un 10% as súas compras, alcanzando os 362 millóns de euros**

- *A compañía segue a reforzar a súa confianza na industria agroalimentaria e gandeira, á que destinou máis de 1.750 millóns de euros nos últimos seis anos*
- *Lidl continúa colaborando con máis de 60 provedores da industria agroalimentaria e gandeira das catro provincias aos que adquire máis de 400 produtos de proximidade como lácteos, viños e conxelados*
- *Na súa aposta por impulsar o desenvolvemento de Galicia, Lidl reforzou a presenza internacional dos alimentos e bebidas da rexión, destinando máis de 90 millóns de euros no último ano á exportación destes produtos*
- *A rede de infraestruturas e o persoal da empresa seguirán medrando na comunidade, onde prevé crear 65 postos de traballo directos adicionais e a inauguración de dúas novas tendas para finais de 2024*

**Galicia, 17 de setembro de 2024.-** O compromiso de Lidl coa industria agroalimentaria de Galicia intensificouse ano tras ano, destinando máis de 1.750 millóns de euros na compra de produtos de empresas locais durante os últimos seis anos (2018-2023). Esta tendencia á alza na selección de artigos de proximidade viuse reflectida nun novo récord de adquisicións por valor de 362 millóns de euros no último exercicio.

Os produtos de Km0 de Galicia, como os lácteos, viños, conxelados e outras mercancías procedentes do campo e da costa da comunidade, reforzaron a súa presenza nas liñas de distribución nacionais e internacionais de Lidl. No último exercicio, a cadea incrementou nun 10% o volume de compras a provedores galegos, consolidando o seu apoio á economía local e o seu compromiso coa calidade e a sostibilidade.

O director rexional de Lidl en Galicia, Jaime Herrá, destaca a “*confianza e garantías contrastadas*” que tanto a rexión como a súa industria agrogandeira e alimentaria levan ofrecendo para a compañía durante os últimos anos. Esta relación materializouse “*nunhas compras de produtos locais que cada ano rexistran cifras récord, reafirmando o impulso económico e social da nosa marca neste territorio onde Lidl se estableceu hai 26 anos*”.

Neste sentido, Herrá subliña que *“apostar por produtos de calidade e de proximidade non só supón ofrecer aos nosos clientes o mellor servizo posible, senón que tamén representa unha excelente oportunidade para demostrar o noso compromiso cun sector primario circular e sostible”*.

### **Máis de 400 produtos das catro provincias**

Entre a ampla variedade de artigos que Lidl adquiriu en 2023 para ofrecer nos seus establecementos, con máis de 400 produtos distintos procedentes de máis de 60 provedores das catro provincias galegas, destacan os produtos lácteos, os conxelados e as conservas, sectores aos que pertencen os cinco principais provedores da marca por volume de compras.

Nese esforzo por potenciar e outorgar valor diferenciado aos artigos de proximidade, Lidl promove unha liña distinguida de produtos da rexión baixo o selo *“É galego, é bo”*. Este distintivo, presente nos establecementos das catro provincias, permite aos consumidores identificar a orixe dos alimentos e, ao mesmo tempo, pon en valor o sector primario de Galicia.

### **Orixe galega no mercado internacional**

Ademais da distribución de marcas referentes da comunidade na súa rede de establecementos de Galicia, que actualmente suman 36, e do conxunto de España, Lidl aproveita a súa extensa presenza no mercado internacional para ampliar o seu alcance. En concreto, o ano pasado a empresa destinou máis de 90 millóns de euros a comercializar produtos galegos noutros países, o que representa un 25% do total do volume de compras na comunidade.

O director rexional de Lidl, Jaime Herrá, pon en contexto estas cifras ao explicar que *“un de cada catro produtos que compramos en Galicia remata nas cestas da compra doutros países”*. Herrá engade que *“ano tras ano acreditamos que existe unha gran demanda estranxeira, especialmente dos produtos emblemáticos da rexión pola súa calidade, como as verduras, os derivados lácteos e, en xeral, os alimentos procedentes do mar e do campo galego”*, concreta.

### **Galicia, territorio de expansión para Lidl**

A cadea de supermercados Lidl continúa a súa expansión en Galicia, non só en termos de subministración, senón tamén en infraestruturas e novas contratacións. Para finais de 2024, Lidl planea inaugurar dous novos establecementos na rexión: en Vilar do Colo (Fene, A Coruña) e en Cambados (Pontevedra), tendas ás que se sumará tamén nos próximos meses a que se está construíndo na zona universitaria de Lugo. Ademais, estase a levar a cabo unha modernización integral das instalacións de Fonteculler (Culleredo, A Coruña) nunha nova localización dentro do mesmo municipio, de xeito que ao rematar o ano agárdase que a marca opere preto de 40 tendas en toda a comunidade.

Nese sentido, Jaime Herrá subliña que a compañía investirá máis de 10 millóns de euros nestes proxectos, o que *“contribuirá ao crecemento de Lidl dende unha perspectiva humana, creando múltiples novos postos de traballo directos e achegándose ao milleiro de empregados na rexión”*.

*“A aposta e a presenza da compañía en Galicia mantense nunha liña ascendente, avalada polo traballo e os recursos que levamos investidos nos últimos anos”*, argumenta o director rexional de Lidl, quen conclúe que *“o potencial do sector primario, a calidade*

*dos produtos e a confianza crecente dos galegos na marca son tres dos piares máis importantes que fan de Galicia un territorio de oportunidade e expansión para Lidl”.*

---

#### **A aposta de Lidl por Galicia**

Tras máis de 25 anos de presenza en Galicia, Lidl segue traballando para contribuír á dinamización do mercado laboral e a economía da rexión. Desde a inauguración das súas primeiras tendas no Porriño, Culleredo, Ferrol e Lugo, en 1998, a cadea impulsou un plan de expansión sostido e sostible que lle permite contar, a día de hoxe, con 36 tendas distribuídas entre as distintas provincias e un equipo de preto de 1.000 empregados. A compañía tamén mantén desde hai anos un firme compromiso co produto e provedor local: actualmente traballa con máis de 60 provedores rexionais, con compras anuais que superan os 360 millóns de euros.

#### **O compromiso de Lidl con España**

Desde a súa responsabilidade como gran empresa, Lidl traballa máis que nunca para reforzar o seu compromiso con España e contribuír de forma decidida ao desenvolvemento económico e social do país. Neste sentido, a compañía segue xerando valor compartido en todo o territorio grazas á apertura de novas tendas e plataformas loxísticas, a creación de emprego estable e de calidade, e a compra de produto nacional -impulsando e internacionalizando os negocios dos seus provedores-. Todo iso estando preto de colectivos vulnerables con proxectos que permiten mellorar as súas vidas e sen renunciar á sostibilidade como factor clave en toda a súa actividade, para ofrecer sempre a mellor relación calidade-prezo aos seus clientes.

#### **Acerca de Lidl**

Lidl é unha cadea de distribución alimentaria con presenza desde hai 30 anos en España, onde grazas á crecente confianza dos seus clientes xa é o terceiro operador do sector por cota de mercado. Hoxe en día, a empresa conta cunha rede de máis de 680 tendas e 13 plataformas loxísticas e cun equipo de máis de 18.500 persoas. Lidl tamén colabora estreitamente cuns 900 provedores nacionais aos que xa lles merca produto por valor de máis de 7.400 M€ anuais, exportando máis da metade.

Lidl Supermercados é a filial en España da alemá Lidl Stiftung, compañía integrada á súa vez no Grupo Schwarz, o cuarto operador mundial no ámbito da distribución alimentaria. Actualmente, Lidl como grupo é a cadea de supermercados líder en Europa e está presente nunha trintena de países, cunha estrutura de máis de 12.350 establecementos e 225 centros loxísticos e cun equipo de máis de 375.000 persoas.

#### **Para máis información**

Atalaya Comunicación

Tel.: 604 022 639

[pablovsande@atalayacomunicacion.com](mailto:pablovsande@atalayacomunicacion.com)

